



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 1 DE XULLO DE 2013.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

#### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁN XELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 18:00 horas do día 1 de xullo de 2013 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

#### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D<sup>a</sup>. Eva Fernández García

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



### PARTE RESOLUTIVA:

#### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Escomenzamos entón este Pleno ordinario, co primeiro punto da orde do día, que é a aprobación da acta do 17/06/2013, que todos teñen copia e se algo teñen que alegar este é o momento y si non entendo que se aproba; entendo que se aproba non, bien.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:

**“Aprobación da ata anterior do 17/06/2013”**

Pasamos entón ao punto 2 que é a aprobación provisional da Modificación puntual do PXOM de Barbadás, no ámbito de solo urbano no consolidado A-10.

#### 2- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE BARBADÁS, NO ÁMBITO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-10

##### A)RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN.

Ten a palabra para darlle lectura, a Secretaria, á proposta de Alcaldía

**Ten a palabra a Sra. Secretaria:** Se trata de un trámite de carácter técnico; una vez realizada la aprobación inicial, se produjo la exposición al público; la presentación de una serie de alegaciones; a continuación han venido informadas por los técnicos correspondientes, informando favorablemente la desestimación de las mismas, por criterios exclusivamente técnicos; y ahora, procede lo que es la aprobación provisional y su remisión a la Xunta de Galicia. En principio lo que se va a resolver aquí es la reclamaciones y la aprobación provisional.

**Ten a palabra o sr. Alcalde:** Moi ben, Ten a palabra o voceiro do BNG

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** Ben, boas tardes, Concelleiras e Concelleiros, boas tardes ó público asistente, y os medios de comunicación. Bueno, esta aprobación que pretende levar adiante o Goberno do Partido Popular en Barbadás, para o Bloque Nacionalista Galego responde máis unha vez, a un aproveitamento que fai o Grupo de Goberno dos terreos, das diferentes áreas de reparto que hai en Barbadás, para favorecer o crecemento urbanístico irracional, un urbanismo bestial y atroz que se desenvolveu no noso Concello ó longo de todos estes últimos anos y ademais sempre en perxuízo da poboación que vive en Barbadás y en beneficio de uns poucos y os feitos me remito. Esta modificación intentouse traer, intentouse levar adiante no ano 2008; naquela altura a intención de



Freire Couto era levala adiante, unicamente pasando por Xunta de Goberno; nin sequera, nin sequera, quería traelo a Pleno do Concello, non fose ser que os partidos da oposición nos enterásemos do que estaban facendo. Como as leis e a Xunta de Galiza non permitiu naquela altura facer aquilo daquela maneira, non lle quedou máis remedio que en xullo do ano 2011, traer novamente a Pleno a modificación da área de reparto AR-10, situada, como digo, no núcleo da Valenzá; aquela modificación é exactamente igual á que se propuña xa no ano 2008. Esta modificación vai a significar que van desaparecer tres viais que estaban dibuxados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barbadás, aprobado en xullo do ano 2002; tres viais que estaban configurados para dar saída a unha poboación estimada de máis de 15.000 persoas que iban a vivir no núcleo da Valenzá; tres viais que iban dar acceso desde a rotonda do Carrefour, saída tamén polo Campo dos Carrís e dous viais que iban a subir á Nacional 540, autonómica 540, a estrada de Celanova. A edificabilidade iba polo tanto perpendicular, ao regato do Muíños e tiña unha distribución que estaba aprobada con todas os requisitos, con todos os parabéns, de todas as administracións que teñen que velar polo cumprimento dos plans de ordenación municipal de toda Galiza, polo tanto, aquilo era absolutamente factible. ¿Que sucede entón para que desaparezan eses tres viais?, ¿cal é a razón?, ¿que houbo?, ¿que pasou en Barbadás?, ¿houbo un terremoto y mudaron as terras de sitio?, non, non houbo ningún terremoto, o que houbo foi un tsunami de corrupción que significa que estes viais desaparecen porque van a abaratar, van a abaratar drasticamente os gastos que terían que levar adiante os membros da xunta de compensación unha vez creada para urbanizar esa área de reparto; loxicamente si en lugar de facer tres viais, nos quedamos unicamente con un, que vai perpendicular ó río dos Muíños, que é absolutamente chairo, que non ten ningunha costa, que os edificios en vez de ir escalonados cara o monte, van todos en liña como si fose unha avenida principal dunha cidade calquera, loxicamente os gastos de urbanización redúcense drasticamente; o máis penoso de todo isto, é que a xustificación que daba o goberno de Freire Couto para facer este cambio de cromos, era que seica e gracias a isto, íbamos a conseguir os terreos para o instituto, claro, claro, con isto íbamos a conseguir os terreos, e a realidade é que hoxe en día, pois nin instituto, nin nada de nada, o instituto sigue estando o terreo dibuxado no ordenamento, pero o Goberno do Partido Popular, non quere facer nada para pór esos terreos a disposición da Consellería de Educación libre de cargas e de gravames, e mentres tanto beneficiase, como digo, aos membros da xunta de compensación, que se creará cando desenvolvan esa área de reparto, para, para abaratarlles o, a urbanización; pero non queda aí esta modificación, porque quen observe a ficha que leva aparelado este informe que se nos pasa a semana pasada, vemos con estupor,



como a superficie da área de reparto, vese incrementada, aumentan a superficie da área de reparto, por certo, área de reparto que coma todas as áreas de reparto de Galiza, ten un coeficiente de edificabilidade que é o máximo permitido pola lexislación, que é o 0,85 metros cuadrados por metro cuadrado de área de reparto, o máximo permitido, sen embargo a área de reparto aumenta, ¿como aumenta?, bueno, aumenta segundo eles porque hai un novo, unha nova planimetría y se incrementa en varios centos de metros; pois curiosamente, a pesar de que se incrementa a superficie da área de reparto, as zonas verdes disminuyen en máis de 1.500 metros cuadrados; máis área de reparto, menos zonas verdes; e curiosamente tamén, modifícase o coeficiente de edificabilidade e a superficie adicada para edificabilidade máxima residencial, increméntase en 2.100 euros, vanse poder construír 2.100 euros máis, en edificios, en pisos, en esta área de reparto. Calquera persoa que viva en Barbadás, ou calquera persoa que visite unha xestoría en Barbadás, e pregunte polo prezo dun piso novo, pode andar á redor dos 150.000 euros un piso de 100 metros cuadrados, á redor desa cantidade, máis ou menos, o que ven a significar que cada metro cuadrado podería saír a un prezo medio de 1.500 metros cuadrados, 2.100 metros cuadrados edificables máis, significan máis de tres millóns de euros; máis de tres millóns de euros e ¿quenes se van a beneficiar destes tres millóns de euros?, loxicamente os propietarios, ou a xente, ¿verdade?, que comprou terreos en esta área de reparto; e curiosamente tamén sabemos que a xente que ten terreos nesta área de reparto, é por exemplo Manuel García González, Teniente de Alcalde de Barbadás, que comprou terreos en esta zona, porque ten máis de 3.000 metros cuadrados, en esa área de reparto, o a empresa Eichoa, da que é propietario o sr. Freire Couto ou familia, que ten 345 metros cuadrados, ou outros promotores urbanísticos ben coñecidos no noso Concello que foron exconcelleiros do Partido Popular de Barbadás, polo tanto, nós entendemos que se está facendo unha modificación dun Plan xeral, aprobado no ano 2002, primeiro, en prexuízo da cidadanía do Concello, porque desaparecen viais y a xente que vai ir a vivir a ese núcleo de edificabilidade y a xente que vive na avda. de Celanova y alrededores, non lle vai quedar máis remedio que salir, vía do regato dos Muíños á rotonda que está no Carrefour. Segundo, redúcense zonas verdes, zonas de esparcemento, que se podían adicar, para lecer e para dotacións públicas e terceiro, auméntase a edificabilidade. Polo tanto nós entendemos que isto é, si, un pelotazo urbanístico, un pelotazo urbanístico do que se van a beneficiar uns poucos. E a min tamén me gustaría facer referencia a unha cousa, os datos que nós temos, son os que acabo de dar, agora temos moitísimas dúbidas fundadas, de que os concelleiros barras concelleiras do Partido Popular de Barbadás e persoas aíns, teñen máis propiedades nestas áreas de reparto, moitas máis das que estamos



decindo, que sucede, claro que a tan manida transparencia do Partido Popular, aquel streeptease prometido polo Sr. Freire Couto o día 26 de febreiro deste ano, resulta que a día de hoxe todavía non foi feito público, nin o patrimonio do Teniente Alcalde, nin o patrimonio do resto dos Concelleiros e Concelleiras deste Concello, aínda non sabemos cal é, como tampouco sabemos cal é todavía, a declaración da renda de Freire Couto, agás aqueles anos, que eso si o sabemos, que defraudou 208.000 euros; polo tanto nós pensamos que esto responde outra vez, xa, outra vez máis, a un pelotazo urbanístico: a beneficiar a un urbanismo que está en mans de xente moi achegada ó Partido Popular en este Concello, en perxuízo da cidadanía, aproveitándose do que foi durante moitos anos a galiña dos ovos de ouro deste Concello que é o urbanismo. Eu creo que ca que está chovendo neste País, con un mínimo de dignidade, calquera goberno, calquera dirixente, dimitiría sr. Freire Couto, dimitiría, porque vostede prometeu naquel Pleno, traer eiquí un montón de documentación y aínda a día de hoxe non coñecemos, ¿eh?, e exactamente igual sr. Manolo García y sres. y sras. Concelleiros, polo tanto, nós entendemos, bueno, que claro, pedir eiquí a dimisión, que é un pelotazo. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben ten a palabra o voceiro ou voceira do PSOE.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Grazas Alcalde, boas tardes a todas e a todos. Nós imos a entrar na liña defendida polo BNG, como non podía ser menos, porque a oposición estamos de acordo neste tema, completamente de acordo. A modificación puntual da AR-10, é unha cuestión que só ten xenerado dúbidas, controversia, desconfianza, preocupación nos últimos meses, nos últimos anos; os recelos suscitaos a evidente vinculación dos Concelleiros do Grupo de Goberno o desenrolo desta área; o Teniente Alcalde ten na AR-10 propiedades, nas parcelas 54,59,72; é dicir, Manuel García González ten 2.205 metros cuadrados nesta zona, o segundo maior propietario desta área de reparto, unha razón con peso suficiente para que hoxe se ausente da votación. O Tenente Alcalde mesmo ten chegado a ameazar a concelleiros Socialistas, por falar da súa vinculación á AR-10; pero os feitos están aí sr. Teniente Alcalde; estivo utilizando durante anos, presuntamente, o seu cargo político para supostamente, ter información privilexiada e comprar propiedades; estívose lucrando presuntamente, a través da súa posición no grupo de goberno durante décadas; esta é a espeluznante realidade, e o Alcalde tamén ten, presunta, e insisto moito nas palabras presuntas e supostas polas amenazas que temos recibidas nos últimos meses, máis que nada. Temos como decimos, presuntas vinculacións (ten o sr. Freire Couto) indirectas co AR-10 a través da empresa da súa esposa, é dicir, Eichoa, información procedente do catastro, indica que Eichoa posúe no polígono 24, a parcela 156, este é un motivo de peso para que se ausente tamén da votación o sr. Freire. No caso de que o Alcalde



e o Tenente Alcalde non se ausenten na votación, o grupo socialista estudará a posibilidade de impugnar a mesma. Ben a tea de araña continúa, non queda aí no Alcalde e no Tenente Alcalde, non, non queda aí, porque as interrelacións con constructores, exconcelleiros, testafellos e mesmo personas físicas, que durante anos tiveron nexos directos co crecemento urbanístico de Barbadás, están aí; Maexpa ten 419 metros, a Sociedade constructora Fernando Copa e Ramos que todos coñecemos posúe 2.007 metros; o exconcelleiro Felipe Rodríguez Vide, figura como propietario de 1.500 metros; 550 metros, Ramón Pérez Iglesias acumula numerosas parcelas que suman 2.366 metros, unhas das contías de terreos máis importantes da totalidade da AR-10; un dos presuntos testafellos do emporio Freire, tamén comparte con outro propietario unha parcela nesta área de reparto, trátase de Domingo Prieto Martínez, que é o copropietario de 1.679 metros cadrados; ademais este señor, temos que dicilo, para que o coñeza a cidadanía y os medios de comunicación, este señor, Domingo Prieto, é irmán da apoderada da empresa Psicobluster, da cal é socio o Alcalde; ademais ten propiedades e negocios a medias coa empresa da esposa do Alcalde. Supoño que vostede non se perde en todo este maremagnum de datos, ó mellor o público si que se perde, vostede xa sabemos que está ó tanto. As sucesivas modificacións desta área e os cambios ós que os obrigou o estricto cumprimento da Lei, provocaron o desenrolo do AR-10 que se teña dilatado no tempo; precisamente os intentos do Goberno de Freire, como ben decía o compañeiro Fírvida, e dos seus fieles acólitos, os constructores que o acompañaron dende o principio nesta aventura especulativa, foron os que deron forma a unha presunta trama moi calculada; vostede señor Freire xa sabemos que ten un xastre que lle confecciona un armario cheo de traxes a medida, que o mesmo lle valen para reincorporarse á súa profesión como médico no seu pobo, para estratexias urbanísticas calculadas, para propiciar que os seus familiares se posicionen comodamente nas administracións públicas, ou para inflar o seu patrimonio dun xeito sospeitosamente ilícito. Un dos aspectos que máis nos preocupan destes continuos cambios é que non se buscou en tantos anos, unha solución definitiva ó movemento pendular de persoas, que vai haber, que se vai xerar nesta área, ¿é suficiente a solución proposta nesta modificación?. Nós queremos que nos responda a esa pregunta; hai que ter en conta que se reduciu a superficie destinada a viais, respecto do previsto inicialmente de 14.800 como ben decía o compañeiro Fírvida, a 11.393; resulta irónico que nos propios informes técnicos se apunte como un handicap, que os viais resistan os movementos de poboación e que se propoña coma solución aos problemas que van a existir de mobilidade, o uso do transporte público; resulta unha ironía dicir aquí eso aquí en Barbadás, sr. Alcalde. Temos fundadas sospeitas de que a maioría dos cambios se fixeron para beneficiar aos



futuros promotores urbanísticos dun novo caso de presunta especulación en toda regra; presunta especulación. Auméntase a superficie edificable e incrementase a edificabilidade, blanco e en botella sr. Alcalde; pola contra, diminúen as zonas verdes nunha cifra nada desdeñable de 1.436 metros cadrados; por reducir, redúcense tamén a superficie de uso comercial, o que é evidente é que se aminora en todo menos na edificabilidade e nos espazos para construír vivendas. Moito nos tememos que moitas das previsións deste plan, as que non se centran na especulación urbanística, e no enriquecemento duns cantos, non se van cumprir, como non se fixo ata agora en tantos anos de desmesurado crecemento do barrio da Valenzá, (referímonos á reserva de solo para vivendas de protección pública). En Barbadás non contamos con este tipo de privilexios, poderíamos chamalo, ó menos así o consideramos, e agora resulta que por imperativo legal, teñen que reservar un 30%, por imperativo legal, un 30% do solo, é dicir, 15.930 metros cadrados para este tipo de vivenda, ¡benvidas sexan!, agardemos que non haxan nefastas coincidencias que impidan o desenrolo precisamente deste 30% , é dicir, das 179 vivendas de protección pública, que deberían, que están programadas e que deberían construírse. Nos propios informes fálase de que son precisas maiores dotacións públicas, ao incrementarse a intensidade de uso, pero explíquenos este é outra pregunta que queremos que nos responda, ¿cales van a ser esas dotacións?, as de sempre, as que estaban previstas ou ¿hai dotacións a maiores?. En Barbadás o urbanismo sempre estivo baixo sospeita e seguirao mentres estén vostedes aí á fronte. Este entramado ben a demostrar que había un director de orquestra, e uns músicos que tocaban ó seu son: constructores, promotores, políticos do PP, testaferros, cidadáns, que manexaban información privilexiada, familiares; o PP utilizou a construción do instituto como excusa para revalorizar os terreos; o goberno do PP quixo sempre ocultar a realidade da AR-10, utilizando ferramentas urbanísticas que evitaban tomar decisións en Pleno; esta ocultación queda en evidencia cuando a Xunta non seu día rexeita as propostas do equipo de Freire, e téñense que axustar á legalidade, como non podía ser menos. No desenvolvemento desta área de reparto, participan as mesmas constructoras que participaron no desenvolvemento doutras zonas urbanísticas: falamos de Mahía, Maexpa, empresa que está agora sendo enxuciada por supostas actividades delituosas; lembremos que este grupo empresarial ten estreitos vínculos, tanto como o Alcalde como o Tenente Alcalde, este último ó que lle alugou unha propiedade súa na Valenzá. E por agora máis nada.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno, vamos a ver; despois de escoitar toda esta retahíla, de, bueno, de mentiras entre outras cousas, voume remontar ó principio; vamos a ver, esta área de reparto da cual estamos a falar neste momento, AR-10, leva dous anos en trámite desde o ano, vai facer agora o día 4





de julio do ano 2011 que se empezou unha modificación puntual, porque se había desenvolvido unha figura urbanística, que se chama PERI (Plan de reforma interior), que estaba contemplada no Plan urbanístico, con todos os informes favorables y con tódalas bendicións de todo o mundo, en principio; bien, chegou a aprobación definitiva, y a Xunta nos dice que esa non é figura urbanística adecuada para desenvolver este terreno, que hai que proceder a unha modificación puntual y a raíz de aí, nós planteamos unha modificación puntual; bien, por imperativo legal, non por outra cousa, que a nós houbéranos dado igual, é máis houbera sido moito millor que naquil momento nos aprobaran o PERI, co cual hoxe teríamos con toda a seguridade o terreo xa para o instituto famoso. Bien, ¿que pasa? que tuvemos que empezar de novo; empezamos de novo co PERI, digo, ca modificación puntual. Nesta modificación puntual, son todos criterios técnicos, quede claro, criterios técnicos. Punto primeiro: faise un desenvolvemento coma non pode ser doutra maneira, baixo criterios técnicos, para millorar a accesibilidade, para millorar, pois o que será o urbanismo desa zona, ¿vale?. Non é certo para nada, para nada! que se faga unha modificación para beneficiar a construción de vivendas, porque ustedes dicen solo o que lle interesa; mire, esta modificación, aumentan 4.035 metros cuadrados o suelo para o, o suelo escolar, neste caso para o instituto, 4.035 metros; regularízase o que é o polígono, regularízase porque hai unha posibilidade de facelo, porque incluso algunhas das modificacións, das alegacións que están aquí presentadas iban en base a eso, pero non se puderon aceptar porque excedían o 10% desa regularización, y se aumentan 375 metros, nada máis, que é o único que se aumenta, y ese aumento ó regularizar o que é a área de reparto, pois y o facer o novo deseño, auméntase como digo 4.035 metros de dotación escolar, y eso é o que hai; despois cámbianse de suelo comercial, para suelo residencial, porque se pode edificar debido á pendente nos baixos, cuando queda a unha altura adecuada, unha cantidade pois mínima realmente, en total son entorno a 2.000 metros cuadrados, o cual quere decir que non é verdade que se aumente solo de edificabilidade, non se aumenta, a edificabilidade é a mesma, é o 0,85 que é o que está estipulado dende un principio no plan urbanístico; non hai maneira humana de que, para máis non o permite, non o permitiría neste caso a normativa, aumentala, está, o aproveitamento tipo é o mesmo 0,85, que se fai, rediseñase o que é o polígono, con un vial y adaptándose á topografía do terreno, desde o punto de vista técnico, estrictamente técnico. Aquí nadie lle deu ningunha instrucción a ninguén, en primeiro lugar, porque os técnicos non o houberan aceptado, e en segundo lugar, porque a Xunta tampouco o houbera aceptado, y en todo caso esto xa foi aprobado, unha aprobación inicial, esta é a provisional y vendrá a definitiva, nós agora con este documento, vámolos lógicamente remitir á Xunta y a Xunta é a que vai ter a última





palabra, eso é o que hai; eiquí non hai ningún pelotazo, non hai nada, nada, de nada. Aquí hai 110 propietarios y se pode ver, propietarios de terrenos, todos da Valenzá, por certo, que se poden ver, un por un, con cantidades máis ou menos, pero entorno a 1.000, 500, 300 y se pode ver, está aquí, está aquí o que son os propietarios todos, non é nada doutro mundo. Entonces aquí facer demagogia pódese facer a que se queira, eiquí e en todos os lados, por supuesto, pero esto que fan ustedes é pura e llana demagogia, total e absolutamente demagógico, porque non se aumente a edificabilidade para nada, rediseñase simplemente o que é o polígono, con unhos viais que sean máis practicables e desde o punto de vista técnico e o que propuxeron os técnicos, y nada máis; y concretamente o do que tiñan parcelas concejales ou exconcejales, estamos nun libre mercado que cada un pode comprar onde queira e facer o que lle día a gana; aquí indudablemente, indudablemente é algo público y conforme comprou unha persoa ou outra pudo comprar, calquera de vostedes, sen ningún tipo de problema, inda poden compara si queren, por suposto, ¿eh?; o sea, eu entendo de que non hai para nada, ¡para nada! ningún pelotazo urbanístico; o único que se fai é desenvolver un área de reparto que está contemplada no Plan General, por unha modificación, por unha figura urbanística que se chama, modificación puntual y con tódalas bendicións de todo o mundo, da Xunta, coas bendicións de todos os organismos implicados, Confederación, MOPU, todos y eu non sei onde viron vostedes, é certo, ustedes o que queren lógicamente, eu entendo e son oposición y respeto como é normal o facer crítica, pero a crítica dígolle unha cousa, a crítica sería que non se desarrollara, porque entoncez si que non íbamos dispoñer do terreo para o instituto, ¿vale?, entoncez, é certo; pero vamos a ver, ustedes teñen un dobre leguaje, ustedes queren o terreo, están reivindicando o terreo para o instituto desde que os conozco y agora que temos a posibilidade de telo, están criticando y non lle gusta, pero claro de algunha maneira pensan que vai ser unha baza política para o Partido Popular y logicamente pois non lle, non queren que sea así, pero miren, esto é o que hai, vámolos someter a votación y aparte dicirlle outra cousa, aquí no orden do día hoxe o que se pretende, o que se propón para aprobación, son dous puntos en concreto: un deles é resolver as alegacións; dicir tamén que de todo isto, solo hai alegacións, hai cuatro alegacións, cuatro, tres dunha mesma persoa que realmente non se lle puideron aceptar, desde o punto de vista técnico, non porque non se quixera y está aí o propietario, senón porque non se pode desde o punto de vista urbanístico, que pedía que se lle incluían as parcelas que lle quedan fraccionadas polo polígono enteiras, no que é a área de reparto, non se pudo facer porque non o permite a normativa, que si se puidera si se houbera feito, obviamente non habería ningún problema; y outro propietario porque quería que alegou, porque quería que a súa casa lle quedara fóra da área de reparto, son as que hai;



entre 110 propietarios só hai esas dúas alegacións; entóns bien, isto é o que traemos hoxe ao Pleno; eu realmente non teño máis que dicir porque entendo que é tan normal o que traemos hoxe eiquí a aprobación, y algo tan lógico e que non hai absolutamente nada, nada, nada de especulación como vostedes dicen, nin de pelotazo, nin de nada polo estilo, é que me asombro, eu asómbrome pensar, díganme vostedes ¿dónde está?, porque eu non o vexo; sinceramente non o vexo, ¿vale?. Bien y eso é o que lle teño que decir.

**Toma a palabra o sr. Fírvida:** Bueno comeza a súa intervención o sr. Alcalde de Barbadás, decindo que o que vimos a decir os membros da oposición é mentira, e nada máis a continuación de decir esto dí, que todo isto comenza no ano 2011; mentira sr. Freire, ¡mentira!, comeza no ano 2008, vostede sábeo moi ben, sábeo porque está nas hemerotecas, sábeo porque foi o Bloque Nacionalista Galego y estes Concelleiros que están aquí sentados, os que deron unha rolda de prensa denunciando o amaño urbanístico que vostede intentaba levar adiante sin pasar por Pleno, polo tanto calquer persona que entre en internet que o busque, porque está

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pero eso é unha mentira que usted facía total é absoluta, total

**O sr. Fírvida toma a palabra:** 2008, xullo do ano 2008, Xunta de Goberno de xullo do ano 2008, o Partido Popular intenta modificar a edificabilidade no AR-10 sin pasar por Pleno,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é verdad, para nada

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Denuncia do Bloque Nacionalista Galego, mentira sr. Freire, mentira

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mentira a súa.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Mire vostede as Xuntas de Goberno, porque nas Xuntas de Goberno está vostede sentado non estou eu, claro, míreas, repáseas, pregúntelle á Secretaria, que llas vaia a buscar, as Xuntas de Goberno de xullo do ano 2008 y así sabemos que é o que minte.

Criterios técnicos, ¡home claro, vaiche boa!, claro que ten que ser criterio técnico, quen fai o mapa é un técnico, porque vostede non o deixan, porque hai unha normativa legal, que obriga que teñan que pasar os informes necesarios para ser aprobado, pero isto non hai ningún criterio técnico de fondo, o que suxace en todo isto é un criterio de ambición económica y isto é un criterio político, exclusivamente político, do que vostede pode facer e desfacer como lle ven a gana, como leva feito en este Concello durante moitísimos anos. Mellor accesibilidade, bueno, é realmente demencial, porque o único vial que queda en esta área de reparto, é exactamente igual ao vial que estaba deseñado en un inicio, é dicir, é o mesmo, si, non lle deas a cabeza porque si, é o mesmo; eu preocupeime porque eiquí teño os planos do que vostedes pretenden facer hoxe, e preocupeime de traer eiquí a quen quere



llo paso, fotografías de como era o planeamento do ano 2002, entónces o vial que queda é exactamente o mesmo un vial de 20 metros de ancho, un vial; é exactamente o mesmo, ¡ah!, pero desaparecen tres, pero isto mellora a accesibilidade, e que o de Barbadás é bestial, desaparecen viais, pero melloramos a accesibilidade dos nosos veciños. 4000 metros para o IES, increméntase os metros para o IES, é certo, é certo claro, si, tamén ¿cantos anos leva vostede prometendo que vai facer o instituto?, ¿cal foi o primeiro ano que prometeu que iba a entregar os terreos á Consellería de Educación?, ¿como é posible deseñar un planeamento no ano 2002, gobernar 24 anos en un Concello con forte crecemento vexetativo, e de persoas novas que veñen a residir eiquí, sin reservar dotacións públicas?, porque edificios fixéronse todos ¿eh?, hasta que estoupou a burbulla inmobiliaria, edificios deixou vostede que se fixeran todos, pero curiosamente, Polideportivo, Piscinas, Centro de día, Centro de Saúde e Instituto, estamos a xullo do 2013 e todavía están sin inaugurar, sin construír, sin iniciar, sin por a primeira pedra, e nos di vostede que con isto vai a solucionar o problema do instituto; non é certo, porque o problema do instituto é que a Consellería quere os terreos libre de cargas e gravames e que para eso precisa que a área esté urbanizada y a área esta nunca vai estar urbanizada, ata que o urbanismo non volva a medrar e non haxa unha expectativa de crecemento suficiente, para que os promotores veñan a invertir en esa área de reparto y construyan os edificios y como vostede non quere facer ningún tipo de convenio coa Xunta de Galiza, non quere facelo e non sabemos por que, para conseguir esos terreos. Pero e que ademais non hai ningún problema para facer o instituto porque fíxense vostede, o instituto vai pegado ó polideportivo, pegado ¿eh?. O polideportivo vaise inaugurar, bueno non sabemos porque cada membro do goberno do Partido Popular nos dice unha data diferente, pero vaise inaugurar proximamente, é dicir, está urbanizado, chegan os coches, chegan os camións, chega a xente, o instituto que está pegado ó polideportivo, non se pode, non se pode construír e non se pode urbanizar, non se pode, porque a Xunta de Galiza do Partido Popular y Freire Couto non queren que se faga ese instituto e aínda ten vostede a pouca vergoña de dicirnos que isto vai favorecer que se faga o instituto, ¡todo o contrario!; seguimos mentindo, pero eu, a pesar de mentir o que si, vou leer, vou leer o que vostedes queren aprobar non o que eu quero aprobar, vou a leer o que vostede quere aprobar: “edificabilidade máxima e aproveitamento tipo 0,85 metros cuadrados”, di o sr. Alcalde, esto non se modifica, non, porque non o permite a Lei, non se pode, non é que vostede non queira, e que non llo iban deixar facer, non deixa a Lei.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero entónces non diga que se modifica, e que se aumenta.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Non pero escoite, é que aínda non acabei



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Usted mesmo se contradice.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero mire, edificabilidade máxima residencial sr. Freire Couto, no PXOM, 0,76 metros cuadrados por metro cuadrado; na modificación proposta 0,792 metros cuadrado por metro cuadrado e auméntase a edificabilidade máxima residencial, aquí está, comercial e tamén residencial, Manolo, comercial e residencial, porque en total suma 56.950 metros cuadrados, que é a suma de residencial 53.100 e comercial 3950, Manolo, !esto que esto é así. Entonces, eu criterios e cuestións subxetivas valoro que se me poidan contradicir; porque cada un pode ter unha perspectiva diferente sobre a realidade, pero pero cando aumentamos aumentamos a edificabilidade máxima residencial de 0,76 a 0,792

**O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** e baixase a comercial

**O sr. Alcalde toma a palabra:** e 0,760 non 0,76 vostede parece moi intelixente, da a sensación que vostede, quere dar a sensación de que hai 100 veces de diferenca

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Bueno eu creo que todo o mundo entende o que son as décimas y as centésimas...

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** non, non, non,

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Vou intentar seguir, se consigo seguir; residencial en definitiva, en definitiva, a area comercial diminúe e aumenta a superficie do terreo, polo tanto, como tamén se aumenta a edificabilidade máxima permitida, auméntase a área residencial é dicir para vivenda en 2.100 metros cuadrados e curiosamente redúcense as zonas verdes, ¿demagogia? Sí esto é demagogia, o que nos trae vostede a Pleno é demagogia. Mire que ¿cal é o concepto xurídico que define a actuación política consistente en comprar unhos terreos, e modificar o aproveitamento ou as expectativas de ganancias creadas sobre o mesmo debido a unha planificación sobre o mesmo?, eu creo que debe ser algo moi parecido a prevaricación, algo parecido, moi parecido a prevaricación, eh? Modificar, modificar, a utilidade que se lle da a un terreo, permitindo que os costes de edificación, de urbanización diminuyab cuantiosamente, moi cuantiosamente porque desaparecen viais, desaparecen zonas verdes, e sen embargo incrementase a zona residencial, vostede pínteo do color que queira Sr. Freire Couto pero o que sabemos e que vostede e xente do seu goberno ten terreos en esa área de reparto e que os foron comprando a partir do ano 2002 e non sabemos si outros antes do ano 2002, eyas expectativas de ganancia naquel momento nos eran as mesmas que son agora, agora son máis, claro, está a construción parada, é certo, pero no ano 2007, no ano 2008, que era cando vostede intentaban facer este cambio, aí si que as expectativas de ganancias eran claramente ben sustanciais e



cuantiosas eran moi importantes y eso é prevaricar; agora vostede o pintara como queira, esto é máis unha vez un conto repetido en este Concello; xa o fixo vostede no AR1, cando cambiou a edificabilidade que nos decía tamén, outra cuestión milagrosa, ¿verdade?, cambiábase a situación dos edificios, disminuíanse en altura, aumentaban en superficie y aumentaba a zona verde; tamén era absolutamente milagroso aquilo que vostede conta, era a multiplicación dos pans e dos peixes, y con esto fai vostede o mesmo, o que pasa é que os pans e o peixes cómenos vostede todos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra a voceira do Partido Socialista

**A sr. Morenza toma a palabra:** Bueno Sr. Alcalde; vostede non respondeu a ningunha sola das preguntas que se lle plantexou o Partido Socialista, non desmentiu nada do que nós afirmamos sobre as propiedades, exconcelleiros implicados, testafellos de vostede, propiedades da súa esposa, propiedades do Teniente Alcalde...

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Están aquí, as propiedades están aquí.

**A sr. Morenza toma a palabra:** Están aí, claro que están aí, claramente, nós denunciámolo ¿e vostede di que non é un pelotazo urbanístico tal e como afirma o BNG?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, para nada

**A sr. Morenza toma a palabra:** E vostede nega entón que estas personas estén vinculadas a este pelotazo urbanístico,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero vamos a ver ¿a que lle chama vostede pelotazo urbanístico?

**A sra. Morenza toma a palabra:** A súa esposa ten propiedades nesta área de reparto, o Teniente Alcalde ten propiedades nesta área de reparto; nós chegados a este punto, queremos o posicionamento técnico da secretaria de se el pode votar, eles poden votar, tanto o Alcalde coma o Teniente Alcalde. O Alcalde e coñecedor que na Deputación, xa se tubo que ausentar nunha vez por que se tratou un tema relacionado con el, e non era de esta gravidade ¿eh?, non era de esta gravidade, de estar vinculado á propiedade de terreos nun area de reparto que se está modificando inicial, provisionalmente Sr. Alcalde, esto é moi serio para o Partido Socialista

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, moi ben, non hai problema ningún

**A sr. Morenza toma a palabra:** Entón antes de continuar a miña intervención quero que informe a Secretaria

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, non hai problema, que informe.

**O sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) toma a palabra:** Facer mención que a Señora Secretaria ten acceso ós datos de catastro, polo tanto pode verificar si Eichoa é propietaria dunha parcela, da parcela....



**A sr. Secretaría toma a palabra:** Non

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿Non pode ser?, ¿non ten acceso ós datos de catastro?, ¿seguro?

**A sr Secretaria toma a palabra:** No, no tengo acceso,

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno en todo caso que informe, que ela é quen pode informar

**A Sr. Morenza toma a palabra:** Bueno ela que informe

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Como é lógico xa o preguntamos antes de agora, é obvio ¿non?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Supoño

**A Sr. Ssecretaria toma a palabra:** Por esta Secretaría General ya se estudió con carácter previo, la posibilidad de, necesidad de abstención, concretamente del Teniente Alcalde, por ser propietario en este Area de reparto, de forma verbal, les informo que se consultó jurisprudencia existente al respecto en materia urbanística, en la que los fundamentos genéricos vienen a decir que no es necesaria esta abstención en cuestiones de planeamiento general, debido a que: primero, no existe un beneficio directo para el implicado que lo haga diferente al beneficio general, que supone la actuación urbanística respecto al resto de los propietarios; cosa distinta es si se tratase de una actuación que le beneficiase primordialmente por ser el beneficiario mayoritario, por ejemplo, del area de reparto, o por ser el propietario exclusivo, o una circunstancia que incidiese en el hecho de que el beneficio recaía directamente sobre la persona que va a emitir el voto, esto es lo que puedo decirles informando verbalmente, no obstante cabe la posibilidad de que ustedes soliciten un informe juridico y se lo apoyaré con la jurisprudencia que yo he leído para emitir esta opinión.

**A Sr. Morenza toma a palabra:** Gustaríame continuar ca miña intervención dicindo que o Tenente Alcalde é evidente que é un beneficiario directo, no sentido de que é o segundo maior propietario da area de reparto número 10, e o segundo maior propietario, según temos entendido nós, ó mellor o ranking baixa de segundo a terceiro, porque vostedes coñecen todas as artimañas legais. En fin, vostedes teñen a todo a mundo implicado, a constructores como xa dixen na intervención, dalles igual vostedes pasen por encima de todo como a unha apisonadora, e continúan para adiante para conseguir o seu obxectivo, enriquecerse,

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Por favor...

**A Sr. Victoria Morenza toma a palabra:** Presuntamente enriquecerse. Ben, vostede non contestou á pregunta das dotacións a maiores que se van a introducir, porque si, vale vaise aumentar suelo educativo, vaise poñer aí o Centro de día por exemplo, xa que vai haber tanto espacio para equipamentos que llo esixe a propia Lexislación, vaise a...



**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pois como van catro mil metros máis dos que había, en principio pois, en principio o Centro de Día non está previsto ir aí, porque é suelo dotacional escolar, en principio, vale, entonces

**A Sr. Victoria Morenza toma a palabra:** No, no, pero eu estoulle dicindo que tipo de equipamentos van a ir, vai a ir o cementerio, ¿qué mais vai a ir?, ¿o instituto?

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Vai a ir, vamos a ver, a dotación escolar, que se dixo antes, que se aumentou.

**A Sr. Victoria Morenza toma a palabra :**Solo dotación escolar a pesar das previsións do cementerio

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Son 16.000 metros, 17.000 casi

**A Sr. Victoria Morenza toma a palabra** Moi ben, a nós un dos temas que máis nos preocupa aparte do pelletazo urbanístico é os viais, os viais, hai un vial central na urbanización, e despois ten saída o camiño de San Rosendo, que é un vial, vaise convertir nun embudo, e logo que van a ir os autobuses, porque a opción que se propón polos propios técnicos e o transporte público, ¿van a ir os autobuses desplazar a miles e miles de persoas que se desplazan por aí a tódolos días, ou que vai haber un transbordador? ou ¿que vai haber?. Ese vial, ese vial, vostede cree que ten capacidade suficiente para dar saída a afluencia, a entrada e saída de personas en horas punta, ¿vostede cree? O embudo que se vai a formar na rotonda de acceso á Valenzá, ¿vostede cree que eso ten salida?, que imos todos polo camiño dos Ponxos Sr. Alcalde...

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** ¿Cantos metros ten o vial central da Valenzá? 22 metros, ¿cantos vai ter ise? 20 metros, o vial da Valenzá, a arteria principal dá cabida á Valenzá, y non pasa absolutamente nada.

**A Sr. Morenza toma a palabra:** Sr. Alcalde, porque moita xente utiliza as vías aledañas, non todo o mundo vai polo centro. A min gustaríame continuar coa miña intervención, porque se non esto convírtese nun diálogo e gustaríame cinguirme ó formalismo que se existen nas institucións

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois perfecto

**A Sr. Morenza toma a palabra:** O sea, o que está claro, é que se vai a construír cincocentas noventa e nove vivendas, que o trinta por cento van a ser de protección pública por primeira vez na historia de Barbadás, ¿vostede pode asegurar eso?, claro, non o pode asegurar, non o pode asegurar, estamos falando de vivendas de protección pública unha vez máis, que probablemente non as vexamos nunca, endexamais, eiquí en Barbadás

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Nós vámonos rexir pola normativa vixente, que é neste momento





**A Sr. Morenza toma a palabra** Porque non llo esixían as vivendas de protección pública

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** A modificación puntual do plan

**A Sr. Morenza toma a palabra:** Vostede Sr. Alcalde nunca estivo interesado en vivendas de protección pública, por eso nunca as promoveu, nin nunca as tivo en conta, e sempre que se planificaron nunca se levaron á práctica. Bueno nós, dende o Partido Socialista, como todo isto nos parece un cambalache, nós temos dado datos máis que suficientes, xa os daremos, na sede que corresponde, sede xudicial Sr. Alcalde xa llo anticipo Sr. Alcalde

**Sr. Alcalde:** Vale, vale, vale

**A Sr. Morenza toma a palabra:** Que este mesmo mes, o Partido Socialista vai a recurrir á Fiscalía anticorrupción, e todo isto xa o dirimirán os xuíces Sr. Alcalde

**Sr. Alcalde:** Bueno, por supuesto están en todo o seu dereito, ¿porqué non?

**A Sr. Morenza toma a palabra:** Entende, xa nos veremos nos tribunais, probablemente. E xa por último, no aspecto que nos corresponde hoxe, que é a votación, a ausencia da votación do Sr. Alcalde e o Sr. Tenente Alcalde, que non o van a facer, o que lle da a gana, porque é o que fan sempre o que lles da a realísima gana, xa lle anunciamos tamén que vamos a impugnar a votación...

**Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, está no seu dereito

**Sr. Morenza toma a palabra:** Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pois nada, eu simplemente decirlle ó Sr. Firvida, que nós, todo o que se tramitou urbanisticamente foi polo cauce reglamentario, sempre: Nós se foi á Comisión de Goberno, é porque antes era unha cousa que se chamaba como lle dixen antes, PERI, que é plan de reforma interior, agora e outro, que aquel proceso requería, pois, Comisión de Goberno; niste, que é unha modificación puntual, requiere Pleno y ben ó Pleno. Nós eiqui nunca fixemos absolutamente ningunha modificación puntual, ningún trámite urbanístico que non cumprira a normativa vigente, nunca, nunca, nunca, a prueba é evidente ¿vale?

**O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** E o terreno non vai ó lado do Pabellón

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Efectivamente é o terreno do grupo escolar non vai ó lado do Pabellón

**O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** Está a douscentos metros

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Usted o sabe perfectamente.

Vamos a someter a votación este punto que ten dous apartados, logicamente que un diles e a resolución das reclamacións e a aprobación inicial da modificación, co cual se somete a votación o punto ¿votos a favor?, de la desestimación logicamente da resolución, ¿votos en contra?. Segundo a



aprobación provisional da modificación ¿votos a favor? ¿votos en contra? Moi ben, queda aprobada cos votos do Partido Popular.

A continuación sometése a votación os dous aspectos, contidos no presente punto da orde do día, resultando o seguinte:

- Cos votos a favor do rexeitamento das alegacións presentadas, do PP, e os votos en contra do PSdeG e do BNG, resulta aprobado o seguinte acordo: **“Rexeitamento das alegacións presentadas a aprobación provisional da modificación puntual do PXOM de Barbadás no ámbito de solo urbano non consolidado AR-10”**

As alegacións formuladas a Aprobación Inicial da Modificación Puntual do PXOM de Barbadás con Ordenación Detallada, no ámbito do AR-10:

**Alegacións presentadas por Don Manuel Fernández Carballo**, DNI Núm. 34.590.187-G (registro de entrada 4752, 4753,4754): **Resolución desestimada** a senso literal segundo informe do equipo redactor “ *Por o contido destas alegacións deduce-se que o alegante solicita se manteñan os viais acorde coa figura urbanística aprobada por unanimidade en Xunta de Goberno Local con data 25 de febreiro de 2008, na que segundo o seu criterio solucionaba os problemas de viais desta área de reparto. Con respecto a esta alegación informar ao alegante que a figura urbanística utilizada en aquel entón, para modificar os viais do AR-10, non era a correcta, polo que foi necesario redactar unha modificación puntual do Plan, na cual en nada altera o sistema viario que foi aprobado con anterioridade con data de febreiro de 2008”.*

**Alegación presentada por Don Manuel Fernández Álvarez**, con DNI Núm. 34.593.598-B (registro de entrada 4975): **Resolución desestimada** a senso literal segundo informe do equipo redactor “*A modificación puntual do PXOM de Barbadás, no ámbito do AR-10, ten por obxecto facer viables as obras de urbanización, o que provoca a necesidade de modificar a ordenación establecida polo PXOM, pero non o seu ámbito de actuación. Isto supón, que a delimitación, salvo reaxustes de erros do PXOM, esta siga sendo a aprobada no seu día polo PXOM vixente, non existindo razón para excluir no ámbito obxecto da alegación os dereitos e obrigacións otorgadas polo PXOM”.*



-Cos votos a favor do PP, e os votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, resulta aprobado o seguinte acordo: “ **Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM de Barbadás, no ámbito de solo urbano non consolidado AR-10**”

Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual do PXOM de Barbadás, con Ordenación Detallada, no ámbito do solo urbano non consolidado do AR-10, A Valenzá, segundo o disposto no artigo 85.7 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación e protección do medio rural de Galicia, coas súas posteriores modificacións, e someter ó expediente completo debidamente dilixenciado ao órgano competente para a súa aprobación definitiva.

### **3.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA REVISAR O IBI E MELLORARA A XESTIÓN DA RECADACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos o punto terceiro que é unha moción do Partido Socialista para revisar o IBI e a mellorar a xestión da recadación por parte da Deputación Provincial, ten a palabra o seu voceiro o a súa voceira

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Moitas grazas

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Perdón, hai dúas mocións sobre o mesmo, sobre o IBI, se as queren, que votemos conxunta aínda que se debatan por separado, pois facémolo ¿non?

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Debate conxunto, pero é que dixó votación

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Debate conxunto e votación separada.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Debate conxunto

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale, vale. Sería o catro é o cinco. Tres y cuatro

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Ben é evidente que desde hai varios anos, estamos sufrindo un grave ciclo de recesión económica, que provoca importantes problemas que afectan sobremaneira ó desemprego e á situación económica das familias.

En Barbadás, esta situación tamén repercute de xeito importante na veciñanza e as políticas municipais en ningún momento teñen ido na liña de mitigar a precaria situación das familias, nin tampouco a fomentar a creación de emprego e abandoando á súa sorte ós pequenos empresarios e os comerciantes do municipio.



No Grupo Municipal Socialista temos denunciado en reiteradas ocasións, incluso mediante a presentación de diversas alegacións ás taxas, a sistemática agresión que representa para as unidades familiares para os comerciantes a política fiscal desenvolta polo Partido Popular encabezado por vostede, polo Sr. Freire.

Ano sí, e ano tamén aumentan as taxas da Escola de Música, das actividades extraescolares, do servizo “Bos días cole”. Por suposto tamén se incrementou a taxa do lixo, a dos veladores e un longo etc..., todas as taxas sufriron un incremento nos últimos anos neste Concello.

Pola contra, os diversos servizos que presta o Concello de Barbadás seguen ancorados en décadas pasadas e aínda estamos esperando polo inicio das obras do Centro de Saúde, polo “novo Centro de Día” entre comillas, a sabendas de que non hai ningún Centro de día, vostede anuncia na súa publicidade electoral nas pasadas municipais, o novo centro de día como se houbera un. O Polideportivo segue sen ser inaugurado despois de varios anos concretamente de 10 anos de retraso, a pesares de que vostede se riran antes, no pasado pleno non puideron poñer data fixa para a súa inauguración, aquí dixeron de todo menos cando, as piscinas municipais seguen coas deficiencias de sempre. E desde logo como todos decimos aquí, toda a oposición o dí, o Instituto para vostede xa está completamente esquecido, completamente esquecido utilízano como gancho para o urbanismo, para darlle valor as súas propiedades.

Resumindo, as políticas fiscais en Barbadás esquilman sistematicamente ás familias e ós comerciantes e están concebidas exclusivamente para cadrar as contas municipais pero deixando de lado ás persoas, e non resolven as carencias en dotacións nin melloran os servizos.

Recentemente todos os nosos conveciños e conveciñas recibiron nos seus domicilios ás notificacións para o pago do IBI. Evidentemente sufren un incremento importante que repercutirá nas súas economías familiares, e os datos son absolutamente elocuentes, remítome os recibos que ten cada un dos nosos conveciños desde o ano 2007, pois no ano 2007 un piso estándar de 100 metros cadrados cunha praza de garaxe aberta e ubicada na Valenzá, pagaba de contribución 125,41 euros, para o exercicio de 2013 a contía pasa a ser de 260,30 euros, e dicir, no curto periodo de seis anos os veciños e veciñas sufriron un espectacular incremento do 208 % de 125 euros a 260, deste xeito, e tamén polo número de fincas os ingresos do Concello pasaron de catrocentos sete mil euros no ano 2007 a un millón seiscientos cincuenta e oito mil euros no ano 2012, multiplicáronse practicamente por catro, os servizos en Barbadás desde logo que non se modificaron, nin se viron mellorados nesa proporción,



para nada, esa é a súa xestión e a súa responsabilidade.

Esta claro que oó longo que nos últimos cinco anos o incremento do importe do recibo do IBI foi moi substancial para os petos de cada un dos veciños e veciñas do noso concello, repercutindo, como dixeran antes, enormemente nos ingresos municipais. Pola contra, os gobernantes, é dicir vostede, en ningún momento plantexaron algunha medida para reducir o impacto desta suba sobre a veciñanza, en ningún momento, nin se lles pasou pola cabeza.

O Partido Socialista presentou en maio de 2008 unha moción na que xa se facían unha serie de propostas que afectaban ó Imposto de Bens inmobles, e que apostaban por mellorar e modernizar a xestión do mesmo e, por suposto, por axudar ós fogares e ós comercios, estas propostas foron rexeitadas por vostedes, polos sete concelleiros do Partido Popular, pero hoxe seguen estamos aínda máis vixentes que hai cinco anos no que debemos engadir algunha proposta máis no ánimo de beneficiar á veciñanza, xa daquelas propoñiamos mellorar ás bonificacións ás familias e tamén que aquelas fincas que incrementaran, que implemetaran sistema de aforro enerxético, que protexeran o entorno natural e ademais por suposto, de reducir o tipo do IBI o 0,4, foron rexeitadas volvo insistir, por vostedes.

O Grupo Socialista tamén quere denunciar a mala xestión que fai o Sr. Freire dos impostos municipais, cando cede a súa recadación a Deputación Provincial. Estamos falando dunha administración provincial que probablemente durante moitos anos foi a máis ineficaz de toda Galicia, caracterizándose por deixar un importante número de recibos sen cobrar, queremos por enriba da mesa que a Deputación de Ourense debe ó Concello de Barbadás a considerable cifra de un millón oitocentos setenta e tres mil euros, en dereitos pendentes de cobro, isto representa o 36,6 % do orzamento do Concello de Barbadás para o ano 2013 que ascende a cinco millóns cento vinte e cinco mil euros, é dicir a Deputación de Ourense, na que o Concello de Barbadás cede a xestión da recadación débenos un millón oitocentos setenta e tres mil euros, que o fin e o cabo repercuten nos petos dos veciños de Barbadás, e débenos porque xestiona mal, porque é a peor administradora da recadación de toda Galicia, probablemente agora mellorars a súa xestión, pero durante moitos anos vostedes pagándolle cen mil euros das arcas do Concello, non foron quenes de negociar ca Diputación para insistir en mellorar o sistema de cobro, e así suben as taxas e siguen subindo, pero volvo insistir, non melloran os servizos. Estes datos deixan ver as cousas claras que a xestión da Deputación non é mala, é nefasta para a cidadanía de Barbadás, e desde logo repercuten todos e cada un dos veciños e veciñas, con todos estes cartos, con un millón oitocentos mil catrocentos euros, con toda a certeza,



teríamos menos carencias, en canto a dotacións públicas, volvemos a falar das piscinas, do Centro de día, dunhas piscinas climatizadas, haber avanzado millor na construción do pavillón, moitísimas cousas, Señor Freire cantas cousas se poderían mellorar en Barbadás, se vostede tomará dunha vez por todas consciencia desta situación, aquí xa se lle plantexou en reiteradas veces, por nós e tamén polo Bloque, por que no o imos decir, tamén o Bloque Nacionalista lle plantexou esta situación, e vostede sempre dixo non, non, non, cantas rúas se poderían haber asfaltado, cantas rúas de poderían haber asfaltado. O Grupo Municipal Socialista ten reclamado solucións a esta desfeita plantexando que o noso Concello recuperen a xestión dos nosos impostos e taxas, sempre nos atopamos co voto en contra do Partido Popular, e volvo a insistir pagamos cen mil euros á Deputación de Ourense para que xestione ben, non para que administre os cartos de Barbadás, para que os xestione ben a recadación, a deixadez do Señor Freire en relación a este asunto está perto da absoluta irresponsabilidade,

O acordo que nós propomos nesta ocasión é:

### **ACORDO:**

Primeiro: Reducir o tipo de gravame para que os bens inmobles de natureza urbana pasando a ser do 0,4%, está no 0,5 pasamos ó 0,4.

Fraccionar, isto é unha medida de axuda ás familias de Barbadás, fraccionar o pago semestralmente para os importes que superen os 150 € ó ano, que son a maior parte, probablemente o 90%.

Esixir á Deputación Provincial que a recadación supere o 90% sobre os distintos padróns postos ó cobro. Para acadar este obxectivo deberá elaborarse un plano de actuación conxunta entre as dúas administracións. Esta proposta que facemos é sabedores que o Partido Popular vai votar sistematicamente en contra da recuperación da xestión do IBI por parte do Concello, do IBI e do resto dos impostos, entón nós insistimos que mentras estes señores estén gobernando no Concello pois que fagan un traballo eficaz, en relación a recadación.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Bueno, ben. Durante o ano 2008 a Dirección Xeral do Catastro, que é dependente do Ministerio de Economía, é certo que isto non é unha competencia municipal, fixo unha revalorización, unha revisión catastral de todas as vivendas con carácter urbano do Concello de Barbadás, as consecuencias daquela revalorización é que o valor catastral destas vivendas, en moitos casos duplicaron o seu prezo y en outros casos chegaron incluso a triplicarse e aínda máis, en moitos núcleos do noso Concello había moitas terras que estaban calificadas como rurais como non urbanas, y debido a esta revisión catastral pasaron a estar calificadas como urbanas e polo tanto están suxeitas



ó imposto de bens inmobles a contribución urbana, ademais con inconvinte de que moitas destas terras nin sequera poden ser urbanizadas, non se poden construír nelas, porque por exemplo non teñen acceso a un vial principal, pero sen embargo si que están consideradas terras urbanas e sufren o IVE incrementado. A suba do IBI que comentaba Xosé Carlos, que aumentou en todas esas cantidades que comentaba el, pois non remata no ano 2013, a suba está plantificada para dez anos de suba proporcional, dez anos, é decir, o incremento que levamos acumulado no ano 2008 ao 2013, vai ser o mesmo que suba entre o 2013 e o 2018 porque a suba, porque a suba, vaise aplicando o 10% cada ano, polo tanto para calquera persoa deste Concello si non o coñece o que subiu o recibo do ano pasado a este ano, é o mesmo que vai subir o ano que ven, o seguinte, o seguinte e cinco anos mais; así hasta o valor, hasta que se cobre polo valor do cen por cen do valor do IVE. Xa no ano 2008 foi o Bloque Nacionalista Galego a primeira forza política deste Concello que solicitou, algo que sí está dentro das competencias municipais, porque a revisión catratal non é competencia do Concello, pero si o Concello ten ferramentas para facer que este imposto afecte o mínimo posible ós cidadanos do noso Concello, no ano 2008, que a economía iba todo moi ben, todo o mundo tiña traballo y todo iba para arriba o Sr, Freire Couto, denegouse a aprobar a proposta que lle facía o Bloque Nacionalista Galego, porque decía que bueno, “xa se estudiará”, esa foi a resposta que nos deu, xa se estudiará, pois estamos no ano 2013 e seica debe seguir estudiando, porque nunca recolleu este cambio: Este cambio é tan facil como o seguinte: reducir o tipo impositivo do 0,5% ó 0,4%, con este pequeno cambio que pode facer o grupo de goberno do Partido Popular, reduciríase o imposto do IBI nun 20%, un vinte por cen, para moitas familias Señor Freire Couto que o están pasando moi mal e non sei vostede, pero eu asegúrolle que na Valenzá e en todo o Concello hai moitísima xente en paro, non como vende vostede nos medios de comunicación que somos o Concello que menos paro, non sei como saca vostede eses datos, porque non é certo, eso sería no 2007, sería no 2007, hoxe en Barbadás, hai moitísimo paro, moitísimo y hai moitas familias, moitas, hipotecadas con graves problemas económicos y esta sería unha medida que lle axudaría a paliar estes momentos de graves problemas financeiros, de problemas gravísimos, pero vostede non, vostede prefere en lugar de axudar a todas estas familias, aumentar todas as taxas e todos os prezos municipais, polo tanto nós entendemos que habería que acudir en auxilio destas familias, de toda a xente que o está pasando mal, na medida do posible, se o Concello de Barbadás, se pode permitir reducir o vinte por cen, a contribución, os veciños do Concello, e pasar o tipo impositivo do 0,5 ó 0,4 e ademais, establecemos tamén outras medidas, como establecer un tipo impositivo do 0,5 para segundas e terceiras vivendas, porque si que





hai unha bolsa grande de vivendas en Barbadás que eran fruto da especulación urbanística, algún que está aquí presente o sabe moi ben ¿verdade?; xente que ten dous, tres, catro, oito, dez pisos no noso Concello que compraron para vender e para ganar moitísimo diñeiro, pois nós propomos que esa xente que ten máis dun piso que non é a súa vivenda habitual, que non é un ben de extrema necesidade, de primeira necesidade que paguen polo seus pisos valeiros, ou alugados o 0,5% o que estamos pagando agora todos, non estamos pedindo nada raro, que se lle cobre o 0,5% ás segundas e terceiras vivendas. E establecer para os casos de primeira vivenda e terras incluídas nas zonas de expansión do núcleo rural, bonificacións sobre a cota íntegra do imposto de bens inmobles aos seus titulares con carácter progresivo en función da renda da unidade familiar, utilizando como indicador o IPREM das persoas que o integran, utilizar un indicador económico, porque aquelas persoas que teñan todos os seus membros no paro, ou que teñan rendas moi pequenas, aplicarlle bonificacións ou reducións, que tamén as pode aplicar o Concello de Barbadás, se quere, e estas son as propostas de Bloque Nacionalista Galego. En canto as propostas do Partido Socialista na primeira pos suposto estamos de acordo, porque é o que levamos pedindo nos cinco anos desde a subida do IBI, a segunda fraccionar o pago tamén estamos de acordo, na terceira estamos, vamos a votar a favor pero nós entendemos e o levamos reclamado moitas veces, sempre que hai o aproveitamento dos orzamentos en decembro de todos os anos reclamamos que o Concello de Barbadás recupere a xestión directa da cobranza dos impostos municipais, por que razón un Concello da dimensión de Barbadás, un Concello que é o cuarto da provincia de Ourense, un Concello con un cadro de persoal de abondo para poder levar a diante a xestión directa da cobranza dos impostos, por que razón todos os anos lle estamos regalando cen mil euros á Deputación de Ourense, para que nos cobren eles os impostos e nos lo envíen, por que non se pode facer directamente y aforramos esos cen mil euros, e o mellor con esos cen mil euros podemos reducir a contribución urbana a moitos veciños do noso Concello que o pasan mal, por que razón non se fai, porque non se quere, porque aínda é máis grave e que desde o ano pasado o cobro do lixo privatizouse, por eso chega conxuntamente co recibo da auga, ¿quen o realiza? Aquagest, realízao Aquagest, pero sen embargo, seguimos pagándolle a Deputación Provincial de Ourense cen mil euros, é milagroso, é dicir, a Deputación nos recauda menos imposto, e seguímoslle pagando o mesmo, eso sí,

**O Sr. Alcalde:** ¿Nos recibos?

**O Sr. Firvida:** Non, non figura nos orzamentos vosos ¿eh? A min o que figura nos vosos orzamentos non mo discutades, claro, é que non é culpa miña, ah, pero agora, cando nos ven, o que hai que



pagarlle a a Aquagest, ven que hai unhos gastos mínimos do 3,5% nos máis outros gastos que figuran por alí e así lle pagamos trimestralmente a Aquagest cantidades desorbitadas, claro, porque nos xestiona Aquagest a cobranza dos impostos, claro, bueno, por eso eu decía que no terceiro punto, a nosa proposta sempre, xestión directa da cobranza dos impostos pola Administración en Barbadás, non na Deputación de Ourense, por suposto, non en empresas privadas, que xa sabemos de quen son amigos, tamén, y en donde teñen as oficinas.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, bueno pues vamos a ver, en primer lugar dicir que nós o IBI non descartamos rebaixalo, estudialo, non agora por supuesto, porque están pendentes novos gastos que temos que cuantificar que é o mantemento do Polideportivo, con monitores e todo eso incluído, que a día de hoxe non sabemos o que vai a costar, probablemente para o próximo ano, si o baixemos.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Está nos orzamentos

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, vale, por favor estou falando eu, ¿vale?, entonces no sucesivo probablemente vaiamos a rebaixalo, está claro, témolo comentado varias veces, pero neste momento tal é como está a situación económica, pois obviamente, non o podemos facer porque non podemos rebaixar os ingresos por un lado, cuando non sabemos cuales van ser o gastos por outro, que se van a incrementar ¿vale?, eso por un lado. Por outro lado dicir, que tamén comprometemos unha partida no próximo presupuesto do ano 2014 para situacións puntuales que poida haber, nós somos conscientes de que poder haber situacións puntuales de xente que estea non paro e que non de pagado o recibo do IBI, bueno en todo caso, se estudiará caso por caso, vía asistenta social, logicamente, porque si rebaixamos, rebaixamos para os ricos e para os pobres, para os que teñen, e para os que non teñen, e se algo hai que favorecer neste caso, é a situación pois dos máis desfavorecidos y para eso se vai a crear unha partida que vamos deixar no presupuesto, y se irá abordando pois, caso por caso ¿non?. Despois dicir, que a Deputación é, pois un mal negocio para o Concello, vamos a ver, é certo que a Deputación cobra cen mil euros, deixamos unha partida para eso, pero cobra por recibo, logicamente, entonces, non é que cobre o mesmo e que agora lle demos a Aquagest parte dos recibos, Aquagest cobra os recibos que factura, e a Deputación cobra por recibos que factura, o 0,4 nun caso e o 0,5 ¿vale?; entonces, ese é o planteamento a Deputación nos últimos anos está recadando hasta o 97 por cento, 96, 97, nos últimos anos, teño por eiquí anotado, que a ustedes xa se lles explicou incluso cerca do 100% en algúns casos, 97,25 no 2012, 96-98 no 2010, o sea unha recadación, moi difícil de superar neste momento; entonces, estou seguro que si rescatamos a recaudación para o Concello, estou segurísimo por eso o temos así, o máis probable e que nos saldría máis caro en principio, pois si,



porque a Deputación ten mellores medios, está mais cualificada, que é certo que anteriormente foi acumulando, pois unhos recibos impagados, é certo, pero hai que saber por que, por que había un montón deles que se están pulindo, que están duplicando a maioría deles incorrectos que se contabilizaban como correctos, e que agora estamos pulindo ano por ano, y que logicamente era esa cantidad de un millón oitocentos mil do que vostede fala, pero non é porque non é realmente unha gestión ineficaz, houbo modificacións do plan, houbo un plan general novo, unhas vivendas que antes no estaban como urbanas e despois estaban como urbanas é decir, había unha serie de irregularidades, digamos nos recibos, debido a eso, a datos incorrectos, DNI equivocados, direccións equivocadas, duplicados moitos recibos e se foi acumulando eso, pero na actualidade a recadación e máis que favorable, entón nós non estamos neste momento de acordo que se poidan baixar do 0,4 ó 0,5, de 0,5 a 0,4, polo motivo que espuxen e tampouco estamos de acordo en retirallo a Deputación porque entendemos que neste momento estase facendo unha xestión moi axeitada, a parte que nos están facendo un gran favor que nos anticipan tesorería, desde principio de ano cousa que é moi importante a día de hoxe, entón esa é a proposta que temos nós.

Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Señor Freire vostede quere rir de nos, e o malo non é que se queira rir de nos, a min que se ría de min me la trae al paio, a min o que me preocupa é que se ría de todos os veciños de Barbadás, vostedesnos orzamentos, como dixo o compañeiro Fírvida, vostede nos orzamentos do ano 2013 contemplaba xa os gastos do Pabellón, agora, agora ven argumentando que non podemos reducir o IVA porque hai que estudar como encadrar os gastos do Pabellón, vamos cando no 2013 nos orzamentos xa están contemplados. Vamos a ver, vostede ademais sistematicamente fai alarde de que en Barbadás temos un déficit cero

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** É que é certo.

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Muy ben, pois aplaudímolo, pero e ¿por que non utiliza ese déficit cero para axudar ós veciños e veciñas de Barbadás?, vostede utiliza o déficit cero simplemente para poñerse unha medalliña, pero un gobernante está única e exclusivamente, pero única e exclusivamente para solucionar os problemas dos veciños, e vostede con un tipo de IBI do 0,5 %, o único que está facendo é agravando, agravándoos, nin máis nin menos, polo tanto, vostede está mal atendendo ós veciños de Barbadás, ademais mal atendendo non só nese aspecto, senón porque ademais non ten servizos, volvo a insistir, pasamos de catrocentos setenta e algo mil euros de recadación, 467 mil euros de recadación de IBI no ano 2007, ata un millón seiscientos cincuenta e oito mil euros ¿alguén



de vostedes viu o novo Centro de día? ¿alguén de vostedes viu o polideportivo inaugurado? ¿alguén de vostedes viu o Centro de saúde construído? Non, non o viu.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non estamos nun diálogo público entendo

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu podo utilizar a retórica como queira Sr Freire, eu pódome dirixir a vostede, ou mirar podo mirar cara ó público, eso non o vai impedir, son preguntas retóricas que podo facer

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pódese dirixirse a quen vostede queira, o público de momento non pode intervir nos Plenos

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero, eso é outra cuestión, pero eu podo falar

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non pode interveñir nos Plenos, de momento, ¿vale?

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Hasta o final, hasta o final, matíceo, matíceo, hasta o final.

Eu convido ós veciños simplemente, a vostede por suposto, que é o primeiro responsable deste Concello, a que faga o análise, a que faga o análise da xestión que fixo con un millón dous centos mil euros máis cada ano, cada ano, nada, tal que cero, conjunto vacío que se dí en matemáticas, así literalmente. Hai xa cinco anos pediu o Bloque Nacionalista Galego o 0,4, pedímolos nós tamén e pedimos unha serie de exencións, e vostede votaron en contra, e agora venos ca parafernalia aquí, ca retórica, porque eso si que é retórica e demagogia, de que para o ano que ven, estudiarémolo, eso é demagogia, os problemas soluciónanse antes de que xurdan, vostede pon unha venda despois da ferida, no, hai que analizar a situación é decidir antes, que para eso lle pagan, a vostedes todos.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben.

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Non so a vostedes, a cinco concelleiros do Partido Popular, páganlle das arcas do Concello, para xestionar ben os cartos dos veciños, ese millón oitocentos mil euros, que cobran do IBI, un millón douscentos mil euros máis que hai cinco, seis anos, malamente, vostede dígame dunha dotación nova, e non me interrumpa fale despois, como ten vostede o uso da palabra, un millón douscentos mil euros, que tiran pola borda, teñen que arbitrar vostedes medidas ca Deputación para o cobro de recibos, vostede fala, vou utilizar a súa jerga, fala de pulir recibos pendentes por parte da Deputación, pois o último pulimento Sr. Freire, co último pulimento que lle diron, ¿saben vostedes canto puliron?, noventa mil euros, sobre un millón setecentos mil euros de dereitos pendentes de cobro, puliron noventa mil euros, díronlle un pulimento de noventa mil euros, dígame si eso é boa xestión, pronúnciese si eso é boa xestión de pulir, vamos a ver ¿é boa xestión?, ¿a si? noventa mil euros, pois eso representa unha porquería literalmente sobre un millón oitocentos mil



euros, non se está traballando nos dereitos pendentes de cobro, y esa é a xestión que lle reclamamos á Deputación, y eso é o no se deben poñer a traballar vostede. Dirixíndome ó Bloque Nacionalista Galego, sabedes que tamén nós en todo momento pedimos o rescate da recadación por parte do Concello, a proposta é para que os señores que gobernan hoxe estes Concellos durante os dous anos que lle quedan, traballen algo, fagan algo e consigan mellorar algo a situación para Barbadás, nós reclamaremos sempre a xestión dos impostos por parte do Concello, e votaremos tamén a favor da moción, porque son complementarias realmente.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Si, de acordo Xosé Carlos, nós tamén votaremos a favor, e entendemos perfectamente esa puntualización que facedes, que é mentras eso. Bueno, quedou ben claro, cal é o concepto que ten o Sr. Alcalde da participación política, seica a política solo se poden adicar os políticos, os cidadáns non poden ¿eh?, eso é a causa da visión que teñen os cidadáns da política, claro, y de que estea como está, claro, porque para vostede entende a democracia, solo para as elites políticas que poden participar nela, pero sen embargo nós entendemos como un acto democrático, a participación cidadá, esa é a diferenza que hai, mire, fala vostede lle presupón, o curioso de vostede é, que rixe un goberno, no que vostede non acredita, vostede nomea ós seus funcionarios como vamos a ver na moción que ven a continuación, noméaos ós seus funcionarios, entre xente moi próxima ó seu partido y a súa familia, e despois non acredita na súas competencias, cree que son unhos ineptos, porque é o que acaba de dicir, acaba de dicir que si fixéramos nós a cobranza directa non a fariamos tan ben, coma na Deputación, home mire, na Deputación están os amigos de Baltar, eiquí están os seus amigos, que diferenza podería haber, é dicir en materia de competencias poderíamos estar a mesma altura, sen embargo vostede, non quere recuperar eso, cen mil euros que se lle dan no ano 2013, pero curiosamente tamén eran cen mil euros os que se lle daban antes de privatizar o lixo en Aquagest ¿por que razón?, esa é a dúbida que nos colle, si é unha porcentaxe dos recibos cobrados, por que razón seguen cobrando o mesmo ou cobraban antes o mesmo que agora, outra pregunta que lles fago a vostedes, si a Deputación é tan marabillosa que fai unha xestión axeitada da cobranza dos impostos ¿por que razón privatiza o lixo en Aquagest? Que favor ten vostede que pagarlle a Aquagest, ¿que favor? ¿que saca vostede de eso?, seria a seguinte pregunta, porque si é tan marabillosa déixelle alí todo, pero non, o lixo para Aquagest, o lixo para Aquagest, ¿verdade?, claro que si. Bueno, máis do mesmo, e despois nos chama a nós demagogos, e despois nos chama a nós demagogos coa intervención que acaba de facer vostede, que seica vai a



aplicar esto, cando, ¿cando o vai a aplicar?, no ano 2018, cando xa se cobre o cen por cen do IBI ás familias e estemos pagando unha cantidade grandísima ¿cando?, cando as familias xa non teñan para comer, nin para levar aos nenos a xogar a tenis, nin a fútbol, que se lles cobra 90 euros, porque vostede dí que a Deputación é marabillosa, e que todo está moi ben, claro, pero o que non conta vostede, dicía Xosé Carlos que é o Concello ten de déficit cero, eu non lle dou os meus parabéns a este goberno por ter o déficit cero, eu non, eu non, eu preferiría que estivera endebedado, porque resulta sabes por que non ten déficit cero, porque o recibo do lixo antes de privatizalo en Aquagest subiu un setenta por cen, porque o recibo da auga antes de privatizalo, subiu un cuarenta e dous por cen, e pagamos máis que en Ourense, porque as actividades deportivas, subiron algunhas o cen por cen, y outras o cuarenta y o cincuenta por cen, porque as actividades extraescolares subiron de prezo, porque os comedores se cobran, porque se cobra absolutamente por todo, hasta por respirar se vai a cobrar en Barbadás, despois, estamos contentos por ter déficit cero, home, si tuvéramos unha piscina climatizada marabillosa, un instituto, un Centro de día, Centro de día que non estivera nun baixo dun almacén de patacas, e unhas piscinas onde dera o sol toda a tarde, non ás seis e media a sombra dos edificios, si fora así, y tuvéramos déficit cero, eu estaría máis contento e máis orgulloso de este goberno municipal que non un goberno que ten déficit cero, e ten á cidadanía totalmente esquecida, a cidadanía, eles non, e as empresas que privatizaron os servizos tampouco.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, bueno pois mire, decirlle que a partida de cen mil euros é partida, e pagaráselle en función dos recibos que recaden, tanto nun caso coma noutro, punto segundo o de ¿por que se lle deu a Aquagest o da basura?, pois simple e llanamente porque había muchísimas duplicidades de recibos y Aquagest ten os contadores que é realmente donde usan a vivenda, y evitamos que ise problema y recaudou muchísimo máis ¿cuanto?, o cen por cen practicamente, me está comentando a interventora,

**O Sr. Fivida toma a palabra:** Pero os contadores están nas casas y as casas pagan contribución urbana.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno pero é diferente, non é diferente, porque nunha casa, en moitas casas do rural tiñan dous contadores por exemplo, entendes, entonces polos contadores tiñan dous recibos incluso de lixo, co cual, iles foille y elle moitos máis fácil, depuralo por suposto que si, porque andan casa por casa, pois cuando é para mirar os contadores y saben realmente onde consumen, y donde viven y donde non viven, e fixemos unha gestión con eso para o Concello que recaudamos o cen por cen, entre outras cousas porque tamén antes había moitos impagados, e agora como se non



pagan lle cortan a auga porque vai non mesmo recibo, todo o mundo paga.

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** E antes non lla cortaban

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Antes non lla cortaban, porque non iba no mesmo recibo, bien, en concreto, recaudan o cen por cen, estamos dicindo a interventora

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Se subiu a 80 euros e Aquagest cobra unha porcentaxe do recibo, ah, pero agora subiu, de 50 a 80 euros na Valenzá, a 90 na Valenzá, a80 euros onde só hai unha recollida diaria

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** O servizo ten que autofinanciarse que non é aínda o caso, y subiron as taxas de Sogama. Bien, en concreto nós vamos a votar en contra das dúas mocións, co cual pois eso é o que lle digo.

Bien, votos a favor da moción do Partido Socialista, ¿votos en contra?, ¿votos a favor da moción do BNG?, ¿votos en contra? Quedan rexeitadas as dúas, ¿vale?, Pasamos ao punto cinco que é unha moción do BNG

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada, cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, a seguinte moción: **“Rexeitamento da Moción do PSdeG-PSOE para revisar o imposto sobre bens inmobles e mellorar a xestión da recadación por parte da Deputación Provincial”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e PSdeG-PSOE, a seguinte moción: **“Rexeitamento da Moción do BNG sobre o IBI”**

#### **4- MOCIÓN DO BNG SOBRE O IBI.**

Xa debatida no punto anterior.

#### **5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS BASES DE CONTRATACIÓN E LISTAS DE CONTRATACIÓN DE PESOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE BARBADÁS.**

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto cinco que é unha moción do BNG sobre as bases de contratación e listas de contratación de persoal eventual do Concello de Barbadás, ten a palabra o seu voceiro o a súa voceira

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Si, bueno, esto tamén é un conto repetido como todo o que estamos





vendo en este Pleno, y como pasa en este Concello, o noventa por cen das veces, esto ven a conto de que en este Concello se pretenden contratar ou xa se contrataron en este período estival, moitos trátase de como contratacións de urxencia, como dicía a Ministra do Partido a diputada do Partido Popular antes de ser Vicepresidenta, ¿e logo vostedes non sabían que o verán non iba a chegar?, e non iba facer falta socorristas nas piscinas, brigadas de tal, y sen embargo se sigue tratando como cuestións con trámites de urxencia, como si non soupéromos que se iban a abrir as piscinas, bueno vanse contratar vinte e unha persoas, doce persoas na escola de música, dous socorristas, dous peóns de xardinería, un chófer dunha máquina desbrozadora, un auxiliar administrativo, un porteiro, e dous monitores deportivos, está é a contratación que vai haber este ano no Concello de Barbadás, para que se xustifique en base a un informe xurídico, para saltarse o decreto aprobado por Rajoy o ano pasado. Pero o problema, o grave está, en que no Estado Español, hoxe por desgracia hai máis de dous millóns setecentas mil persoas no paro, eso gobernando o Partido Popular que eran os campeóns do mundo na loita contra o paro, que iban a disminuir, que iba a desaparecer directamente, dous millóns setecentos mil, batindo récords mundiais, máis. En Galiza hai máis de dous centos noventa mil parados e paradas, pois, ningún parado e ningunha parada do noso País, ten nin a máis mínima posibilidade de poder traballar no Concello de Barbadás, nin a máis mínima posibilidade, agás, que non vallas nunha lista electoral do Partido Popular en este Concello, agás, non sexas familiar de un cargo do Partido Popular, ou de unha empresa moi poderosa, si non é así, ningún dos parados nin das paradas, ningunha persoa dos que o está pasando moi mal, ningún dos setenta mil mozos e mozas galegos que se foron a buscar o seu sustento o estranxeiro, como foron os nosos pais, ningún deles, se tiveron que ir a traballar a Suíza e a outros países, y Alemania, y por aí, porque neste Concello non tiñan ningunha posibilidade de poder traballar, é absolutamente indigno, é indigno, porque a xente o pasa mal, y non hai dereito o que están facendo vostedes, non hai dereito, que o tribunal para socorristas, para policía local, para profesor de trompeta, para profesor de inglés, para tractor desbrozadora, sexa o mesmo, é que vostede saben de todo, é que son moi valientes, son moi valientes. Primeiro, eu non me atrevería, non me atrevería a calificar a ningún alumno que non fose da miña especialidade, por incompetencia propia, eu non me sinto capaz de valorar as outras persoas en ámbitos dos que eu non teño suficiente coñecemento, ¿ah!, pero vostedes si, son capaces de facer todo, non son capaces de cobrar os impostos, pero son capaces de valorar quen debe traballar en este Concello de profesor de percusión tradicional e moderna, ou de porteiro, ou de monitor deportivo, bueno, claro, pero resulta, que ademais estas persoas, son persoas directamente, y é así, é así, porque está eiquí, persoas casadas,



fillas, irmáns de concelleiros do Partido Popular, que se ven máis veces o nome Freire nestas listas, que os opositores, é así, esto é indigno y xa está.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do PSOE

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Bueno, pois a moción, a situación que reflicte a moción do BNG, responde a unha realidade de hai moitísimos anos, desde que vostede é Alcalde, nin máis nin menos. Unha realidade que pretende primar exclusivamente a aquelas persoas que son próximas ó Partido Popular e que incluso foron nas súas listas electorais, dixo agora Xosé Manuel, en diversas ocasións, en breve, vaíse a iniciar un proceso de contratación de persoal entre o que está o do polideportivo, a veciñanza, xa o dixen non Pleno que falábamos do polideportivo, é dicir, hai dúas semanas escasas, a veciñanza xa ten claro que este proceso está viciado, está viciado, está convencida de que varias das prazas convocadas, xa teñen nome e apelidos, como o anunciábamos no último Pleno, concretamente dúas, ogallá me equivoque, deséxoo polo ben da veciñanza de Barbadás, para que haxa liberdade para poder optar a eses postos de traballo, este manto de sospeitas non ten máis que un responsable, e por suposto tamén ten nome e apelidos, e chámase, José Manuel Freire Couto, que durante anos e anos utilizou a política de persoal para consolidar a súa base electoral e manterse no poder. Hoxe en día o Señor Alcalde sigue campando a súas anchas, dicindo, decidindo persoalmente a quen contratar, e a que non, en función do seu criterio persoal, recibe a conveciños e conveciñas para xestionar as súas inquiredanzas laborais, e a resposta do Alcalde pode ser calquera de estas: tes que esperar, pode ser, tal vez, o incluso chega a dicir, que non o pode contratar ou non a pode contratar porque a oposición é mala, e non lle deixamos facer, a oposición é mala, esta é a realidade en Barbadás, non é outra, non é outra Sr, Freire. Unha mostra da situación do Concello no de persoal, foi a denuncia pública feita polo grupo Socialista, no Pleno ordinario de maio cando puxemos de manifesto que o longo dos últimos catro meses do ano 2012, e mediante unha reclamación previa a vía xudicial, vinte e unha persoas, vinte e unha persoas, unha quinta parte do persoal deste Concello, pasaron a ter a condición de laboral indefinido, é dicir, vinte e unha persoas que entraron por un procedemento como menciona Fírvida de selección de persoal, que se fai a través de catro, cinco, ou seis persoas, funcionarios do Concello que decide sobre quen sabe tocar o trombón, ou quen pode ser conserxe do Polideportivo, entran por un periodo de tempo determinado, é dicir, por cinco meses, por seis meses ou por un ano, vanse a rúa, ó cabo do tempo vólvense a contratar ás mesmas persoas, e cando cumpren os tres anos, estas persoas interpoñen unha reclamación ó Concello, pois hainas que facer fixas no Concello, é dicir, persoas que entraron por un criterio obscuro, nun momento determinado, instan unha reclamación ó Concello e



convírtense en persoal laboral indefinido, cando hai centos e centos de persoas neste Concello, que non poden traballar, e que non teñen a posibilidade de traballar para este Concello, pois esa é a forma de traballar do Sr. Freire en relación a persoal, y el é o único responsable. Denunciamos tamén que haxa que emitir informes de urxencia, en lugar de estar baseados nunha análise previa e exahustiva e profunda das necesidades do Concello, no, aquí decidimos hoxe, bueno aquí non, eles, deciden contratar tres persoas, tres xardiñeiros por exemplo, e resulta que para eso teñen que emitir un informe de urxencia, porque a Lei non permite contratar persoal, unha Lei elaborada polo Sr, Rajoy, bueno, pois hai que emitir un informe de urxencia ¿ por que?, porque eiquí non hai ninguha previsión de persoal, ¿ por que non hai previsión de persoal?, para meter os dedos non enchufe, nin máis nin menos, definitivamente queda claro que a política de persoal do Sr, Freire non convence máis que ós seus acólitos, e responde a criterios exclusivamente caciquis e de política electoral. O grupo Socialista leva anos sendo consciente da situación, e por ese motivo no Pleno do 2008 presentamos unha moción para debatir a bases de contratación, no 2008 xa o presentamos tamén, este ano toca o do 2008 o do IBI e tamén o das bases de contratación, pois vostedes tamén a rexeitaron, no 2008, así e seguimos con esa dinámica, seguimos coas mesmas bases de contratación, é dicir aquí, volvo a insistir, a RPT é imprescindible, a relación de postos de traballo analizada, anualizada e imprescindible, vostedes evitan a relación de postos de traballo, presentala aquí a debate entre os diversos grupos municipais, para poder escudarse en informes de urxencia, e poder contratar a quen lle parece, votamos a favor da moción do Bloque Nacionalista, como non poden ser doutro xeito,

**O Sr, Alcalde toma a palabra;** Bien, empezar dicíndolle que non son servicios, que non son cuestión de urxencia, son servicios prioritarios, o único que se pode neste momento contratar y é o que se fixo, o que se fixo neste Concello, y se trouxo a Pleno, precisamente, porque lógicamente, é un requisito previo indispensable neste momento, porque efectivamente non se pode contratar libremente como se contrataba antes. Entonces eiquí, as bases que se utilizan, todas foron sometidas a Pleno y aprobadas lógicamente, y son as que se aplican, y son as que se aplican, polo equipo de goberno, pero é que é normal, si vostedes houberan querido sumar, non había ningún problema, pero ustedes non quixeron sumarse, que problema, quere que lle diga, entonces en todo caso, en todo caso, neste momento as contratacións están practicamente bloqueadas, estas que falamos antes, que vostedes mencionan, escola de música, e tal, pero si eu nin conozco practicamente a ningún dos da escola de música, como usted se atreve a decir que eu que os selecciono, que lle digo, mire dígollo honestamente, non conozco máis que o director, nada máis, eso é un tema pura e duramente libre, mire nin sei onde son, nin como



se chaman, para nada, entón, por favor a demagogia é libre indudablemente que lle vamos a facer; agora ben, con relación ás persoas que foron ós tribunales, as persoas que foron ós tribunales cada unha delas son as que teñen a titulación exigible, para poder formar parte deses tribunales, indudablemente y todas contán lógicamente con todos os asesores especialistas nas materias correspondentes, y de esos tribunales, como vostede sabe, por imperativo legal, tampouco forman parte nin os políticos, nin os sindicalistas, que usted na súa moción, pide que se fagan partícipes ós sindicatos, ós políticos, tal e tal; vamos a ver si non podemos participar ningún de ambos estamentos na contratación, ten que ser unha contratación pura e dura de persoal, de persoal funcionario, ¿eh? Entonces, nós vamos a votarlle en contra y punto eso é o que lle digo,

**O Sr, Firvida ten a palabra:** Bueno, ben, varias cousas, primeira delas, a necesidade de contratar agora, cando veu a Pleno a apertura si, a apertura non, non se sabe moi ben cando do polideportivo, fai falta tres persoas, o Bloque Nacionalista Galego votou a favor, claro que sí, claro que fan falta tres persoas, si ¿que fai falta un conductor para unha máquina desbrozadora?, claro que fai falta, claro que si, se o BNG defendeu, e ¿ dous socorristas para as piscinas? tamén, y ¿ os músicos? , tamén, claro que sí, a cuestión é como se fan as cousas, e como se fan, nas bases de contratación, a máxima puntuación posible, sumando todo y tendo todos os títulos do mundo, suma once puntos, once puntos, pero resulta que por capacidade, por experiencia laboral, por formación profesional, académica, por titulacións do galego, títulos universitarios, todo eso suma sete puntos, e de sete a once que van catro puntos é unha entrevista persoal, o 40% casi, do total da puntuación final obtida por un concursante é unha entrevista persoal , na entrevista persoal participan estas persoas ás que antes fixen referencia, y as preguntas son de o nivel de: ¿y por que queres traballar? ¿ por que queres este posto de traballo? este é o nivel das preguntas, y dependendo de como contestes, dependendo como contestes dánche catro puntos, dánche catro puntos, previo DNI entre os dentes, eso sí, e dánche catro puntos, y é imposible, porque o maior capacitado do mundo, con todos os títulos ten un sete, ¡ah! pero como teñas un catro na entrevista persoal, solo con un tres xa os adiantes, con un tres como un, por exemplo, con un par de cursos xa os adiantas e máis si tes un tempo traballado, como dícia Valcárcel neste propio Concello, que puntúa o dobre que en outras administracións públicas, por exemplo, entonces por clarificar cousas, que parecen que non se entende ou non se queren entender o que pretendemos desde o Bloque Nacionalista Galego, vostede di que os membros do tribunal son as persoas que teñen titulación, home mire, pode ser unha condición necesaria, é certo, pero unha titulación acaída para formar parte nun tribunal avaliador, pero non é condición suficiente, non é condición suficiente,



porque existe a moral, existe a ética, e eso é o que lles falta a vostedes, e ás veces non se pode seleccionar, en función do título que teña unha persoa cando sabemos, que eles mesmos, que moitos deles, entraron como entraron a traballar, en este Concello de Barbadás, eles mesmos entraron pola mesma porta, a porta que agora eles lles abren a outros do Partido Popular, é a mesma pola que entraron eles, claro, eu vou a leer os acordos do BNG para ver si pomos algo en claro:

1.- Que se elaboren unhas bases de contratación para persoal eventual ou temporal, sei que eventual non é a palabra acaída e temporal, coa colaboración e consenso de todos os grupos políticos con representación no Concello de Barbadás, e coa participación dos sindicatos maioritarios, Señor Alcalde eu non lle estou pedindo formar parte dos tribunais, non quero formar parte de ningún tribunal  
**O Sr. Alcalde toma a palabra:** É que non pode tampouco.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** E que non quero, non quero, non se entera, non quero, non quero formar parte de ningún tribunal, quero formar parte da comisión, que crea as bases para que sexan y que se respecten os principios de contratación de administración pública de mérito, capacidade, publicidade, eso é o que quero, como político, quero formar parte dun grupo de traballo, xunto co Partido Socialista, e xunto cos sindicatos maioritarios, para establecer unhas bases que lle impidan a vostede, contratar a quen lle pete, eu non quero avaliar a ninguén, Dios me libre, polo tanto non me acuse de cousas que non lle estou pedindo, ou lea, lea as mocións de vez en cuando,

Que se elaboren unhas listas de contratación para contratos temporais, de duración semestral ou anual, a partir das probas seleccionadas realizadas, ordenadas e clasificadas por categorías profesionais, como existe por exemplo en Educación, ou como existe non Sergas e como existe en moitos Ministerios, onde a xente fai unha proba anual, sale a súa calificación publicitada por cada un dos apartados dos baremos, y entonces sabemos que títulos ten cada persoa, sabemos que coñecementos de galego ten, sabemos que experiencia profesional ten y sabemos cal é a nota que conseguiu na entrevista persoal y entón unha vez coñecido eso, que se faga público no taboleiro, y que todo o mundo poda vir as mañás, a mirar hai, estou de cuarto, teño posibilidade de entrar a traballar o mes que ven, ou o mellor non, estou de terceiro, estou de segundo e vixilar que non te adiante ninguén, con unha puntuación menor ou pola porta de atrás, eso é o que queremos.

3.- Que se faga pública a puntuación obtida por todos/as os aspirantes a un posto de traballo, de maneira que coñezan a súa situación na lista e se garanta a transparencia na lista de contratación.

4.- Que as bases de contratación garantan os principios de mérito, capacidade, igualdade e publicidade, esto e que non o dicimos os do Bloque Nacionalismo Galego é que o dí a Lei.



5.- E que se reserven como mínimo un 7% das prazas convocadas en cada oferta pública de emprego realizada, para persoas con discapacidade, até acadar un mínimo dun 5% de total do cadro de persoal con persoas con discapacidade, algo que tamén que obriga a Lei, y neste Concello non se contempla, e non me veñan vostedes a decir, que si contratamos a dous socorristas, claro o 7% de dous é menos de un, e non pode haber un socorrista con discapacidade, non, non, a cuestión é que o cadro de persoal se ten 100 persoas que 7 sexan persoas con discapacidade, sáquennos vostedes, establezan esas prazas onde vostedes consideren, é unha cuestión política, política, repito, xa sei o que din as Leis, pero si se quere se pode contratar a persoas con discapacidade, vostedes non queren, non queren

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do PSOE

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Sr. Freire, bueno evidentemente como xa dixen antes, íbamos a votar a favor porque todos os plantexamentos que fai o Bloque Nacionalista Galego na súa moción son coincidentes cos nosos. Decir aquí Sr. Freire que reiteradas veces, Victoria a través de preguntas por escrito, preguntas orais lle plantexou a elaboración de listas de contratación algo que vostedes dixeron que o estaban facendo, pero nunca o vimos, e agora atopámonos ca moción do Bloque Nacionalista Galego, en que se reclama novamente, ¿vostede ten esas listas que nos dixon que facían? ¿vostede publicitan tales listas? ¿existen ? ou ¿estanos mentindo? ¿ou estanos mintindo cando nos resposta por escrito? Non, non, é o que teño que dicir, porque se non existen esas listas, si existen non as publicitan e se non existen estanos mintindo cando nos respostan por escrito.

